



EXCMO. CONCELLO  
DA  
ESTRADA  
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 25 DE ABRIL DO 2011**

**LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA**

**TIPO DE SESIÓN: EXTRAORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Alcalde-Presidente

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Segundo Tenente de Alcalde

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro

DNA. M<sup>a</sup> MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS

Concelleira

D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

GRUPO P.P.

DNA. GISÉLE MAÏSSA RODRIGO

Concelleira

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Concelleiro

DNA. LOURDES LOUREIRO MÉNDEZ

Concelleira

GRUPO B.N.G.

DNA. RAQUEL LÓPEZ DOCE

Primeira Tenente de Alcalde

DNA. ISABEL RUIZ FERRO  
Concelleiro

CONCELLEIROS NON ADSCRITOS

FALTAN

DNA. IRENE AGUIAR LALE  
Concelleira  
DNA. CRISTINA GOLDAR SOTO  
Concelleira  
D. JOSÉ VICENTE VICENTE  
Concelleiro  
D. XOÁN CARLOS CASTRO BLANCO  
Concelleiro.  
D. JOSÉ MANUEL REBOREDO BAÑOS  
Concelleiro  
D. JUAN ANTONIO TORRES ÁLVAREZ  
Concelleiro

SECRETARIO

DNA. MARTA CAJIDE BARBEITO

Na Casa do Concello, sendo as once horas do día vinte e cinco de abril de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José A. Dono López, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

**ORDE DO DÍA**

\*\*\*\*\*

<b>ÚNICO.-</b>	<b>SORTEO DOS COMPOÑENTES DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS LOCAIS 2011.</b>
----------------	---

\*\*\*\*\*

**ÚNICO.- SORTEO DOS COMPOÑENTES DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS LOCAIS 2011.-** Ponse de manifesto aos señores Concelleiros asistentes que de conformidade co establecido no artigo 26 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, o Concello procederá ao sorteo dos Presidentes e os Vogais así como os suplentes de cada unha das Mesas Electorais que se constituirán para as eleccións Locais.

Seguidamente, indícase aos asistentes ao Pleno que o sorteo pode celebrarse mediante un programa oficial remitido, xunta coa Base de Datos do Censo, polo Instituto Nacional de Estatística, cumprindo as normas legais establecidas, sendo neste caso os elixidos os que aleatoriamente o ordenador seleccione segundo as pautas do programa.

A Corporación está de acordo con este sistema.

A continuación, procédese a levar a cabo o sorteo Mesa a Mesa, deixando unido ao expediente unha relación das persoas designadas para o cargo, e entregándose unha copia a cada grupo político.

\*\*\*\*\*

Non habendo máis intervencións levántase a sesión ás once horas trinta minutos.

A Estrada, 25 de xaneiro de 2011  
A SECRETARIA,

Asdo.: Marta Cajide Barbeito